



Centro mineiro das Pontes

Identificación:

Termo municipal:	As Pontes
Provincia:	A Coruña
Enderezo:	Oficinas Tesouro-Mina
Contacto:	Francisco Aréchaga
Teléfono / fax:	981 033 706 / 981 450 002
Enderezo electrónico:	franciscoj.arechaga@endesa.es
Web:	www.endesa.es

Actividade principal:	Minaría
Duración:	2 horas
Reserva:	Necesaria
Grupo máximo / mínimo:	Máximo 25 visitantes
Idade:	A partir de 13 anos
Prezo:	Gratuito

Que imos ver?

As Pontes de García Rodríguez é a maior mina ao descuberto que existe en España. Durante 1976 e 2007 extraéronse 261 Mt de lignito e 697 Mm³ de estéril e afectou a unha área de 24 km², creándose un vertedoiro e un oco de superficie similar.

O vertedoiro atópase totalmente rehabilitado de tal xeito que conforma un ecosistema onde coexiste unha vexetación diversa e unha fauna rica e numerosa.

No percorrido, por unha gran rede de pistas e camiños, poderase ver un vertedoiro rehabilitado e integrado na contorna e un grande oco mineiro en fase de inundación.

Do mesmo xeito mostraranse os grandes equipos mecánicos cos que se levou a cabo a explotación mineira.

Que hai de diferente?

Os aspectos máis salientables desta recuperación ambiental están relacionados coas dimensións e a innovación.

As escavadoras e amoreadoras que se utilizaron na explotación foron os equipos tecnolóxicos máis avanzados na industria extractiva a nivel mundial.

O vertedoiro, que é o depósito artificial de terras máis grande de España, representa un dos ecosistemas máis ricos e diversos que se pode atopar na península ibérica.

Dende o seu inicio representou un proxecto complexo e novo que o fai único dende o punto de vista químico, biolóxico e hidrolóxico.





Cales son os aspectos que hai que distinguir?

- Orixe e características do xacemento,
- método de explotación,
- producións e persoal,
- construción do vertedoiro,
- metodoloxía de restauración,
- plan de enchedura do oco mineiro,
- situación final do lago,
- plans de vixilancia ambiental.

Algunhas cuestións

- 1 Que destino terán os equipos de escavación, transporte e amoreado?
- 2 Como evoluciona a flora e a fauna do vertedoiro?
- 3 Poderase cazar no vertedoiro?
- 4 Podería o vertedoiro converterse nunha área protexida?
- 5 Como serán as augas do lago?
- 6 Existirá fauna piscícola no lago?
- 7 Que alternativa de usos presentará o lago?
- 8 Cal foi o custo da recuperación?

